

# PLAN ANUAL DE LECTURA

Curso 2024 - 2025



## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2. OBXECTIVOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN E INDICADORES</b>	<b>3</b>
<b>2.1. OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>3</b>
<b>2.2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	<b>3</b>
<b>2.3. CONCRECIÓN ANUAL DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO 2024-2025</b>	<b>7</b>
<b>3. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	<b>12</b>
<b>4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	<b>15</b>
<b>5. PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN</b>	<b>22</b>
<b>6. PROCEDEMENTO DE DIFUSIÓN DO PLAN</b>	<b>22</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

Este **Plan Anual de Lectura** é un programa de obxectivos, accións e actividades que constitúe a **concreción anual do Plan de Lectura e do Plan de Biblioteca**. Tratouse de deseñar un plan adaptado ás características e necesidades do noso IES coa finalidade de promover e fomentar a lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

O Plan artéllase arredor da concepción da Biblioteca Escolar (de aquí en adiante B.E.) como un dos principais axentes dinamizadores do Centro e espazo de referencia de recursos da lectura, da información, da experimentación e da aprendizaxe. O papel da B.E. é fundamental no día a día do instituto, a través da dinamización de actividades que implican non só os departamentos didácticos, senón tamén outros órganos da nosa contorna (a Biblioteca Municipal, o CEIP adscrito etc.). Resulta fundamental involucrar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector e, deste xeito, mellorar a comprensión lectora do alumnado, unha ferramenta indispensable para a adquisición de novas aprendizaxes e para o seu desenvolvemento persoal.

Con este Plan Anual de Lectura téntase contribuír a que o alumnado, ao remate dos seus estudos e con relación á súa idade, posúa as competencias comunicativas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e profesional e garantir, ademais, un bo funcionamento da B.E.

## 2. OBXECTIVOS, LIÑAS DE ACTUACIÓN E INDICADORES

### 2.1. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos fixados neste Plan para o curso 2024-2025 e as accións encamiñadas ao seu logro teñen como fin último acadar os obxectivos xerais establecidos no Plan de Lectura e no Plan de Biblioteca.

### 2.2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR

A seguir, recóllense as principais actuacións previstas na B.E. para este curso, destinadas ao cumprimento dos obxectivos anuais. Estas liñas temáticas foron presentadas na convocatoria do PLAMBE 2024-2025.

---

**En relación á organización e xestión:**

---

- **Organización.** No inicio do curso establecerase o profesorado do equipo de apoio, o horario e as normas de uso e de empréstito da B.E. e organizarase o seu funcionamento.
- **Coordinación.** Establecerase unha hora de coordinación semanal do Equipo da B.E. e asignaranse tarefas a cada integrante. Periodicamente, a Coordinadora reunirse con algún membro da Dirección ou do Claustro para organizar as actividades programadas e desenvolverase, cando menos, unha xuntanza trimestral da Comisión de Biblioteca.
- **Catalogación e expurgo.** Dedicaranse parte das horas de garda do Equipo da B.E. a estas tarefas co fin de manter centralizados os recursos documentais dispoñibles no Centro.
- **Experimentación.** O espazo da B.E. estará organizado en recunchos diversos (lectura informal, traballo individual e grupal, zona tecnolóxica etc.) orientados a provocar experiencias motivadoras. Aproveitaranse os materiais e recursos existentes no Centro (p. ex. os recursos de Polos Creativos) para desenvolver actividades que fomenten a experimentación.

**En relación aos recursos da Biblioteca:**

---

- **Actualización.** Adquiriranse novos fondos e recursos atendendo ás eivas detectadas e ás suxestións e necesidades do alumnado, dos distintos departamentos didácticos, do Club de lectura e dos proxectos desenvolvidos no Centro. Habilitaranse mecanismos para facer suxestións.
- **Promoción.** Difundiranse os fondos e as novas adquisicións mediante recomendacións (exposicións, boletíns, expositor de novidades etc.) e dinamizaranse os servizos e as actividades da B.E., tanto no espazo físico como a través das redes.
- **Interdisciplinaridade.** A B.E. buscará ser un eixe de coordinación entre os distintos departamentos e equipos do Centro e apoiará os proxectos que leven a cabo. Fomentará o deseño e posta en práctica de estratexias, actividades e proxectos transversais e colaborativos relacionados cos contidos curriculares dos diferentes niveis que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

- **Innovación.** Fomentarse a innovación pedagóxica proporcionándolles recursos e espazos ao profesorado e ao alumnado que posibiliten innovar nas prácticas educativas. A B.E. será unha fonte de recursos para o desenvolvemento das distintas materias e proxectos do Centro, especialmente, para a materia de Proxecto Competencial.
- **Dixitalización.** En colaboración co Equipo TIC, optimizaranse os recursos dixitais existentes. Programaranse actividades que fomenten o uso e creación de contidos dixitais e audiovisuais (vídeos, *podcasts* etc.) e tentarase desenvolver algún obradoiro nesta liña.

#### En relación á formación de persoas usuarias:

---

- **Formación de usuarios.** Ao inicio do curso formarase ás persoas usuarias da B.E., especialmente ao novo alumnado de 1º ESO, na busca de información e no uso do espazo físico da B.E. e da plataforma E-LBE.2.
- **Voluntariado.** Continuarase co voluntariado da B.E. formando alumnado para que se implique na xestión e na organización das actividades.
- **Competencia informacional.** Propoñeranse iniciativas dirixidas a contribuír á adquisición de habilidades para o acceso e o tratamento crítico da información por parte do alumnado. Promoveranse actividades de busca, análise e/ou creación de contidos dos medios de comunicación ou/e das RR.SS. (ex. retos ou xincanas, traballo con *fake news*, elaboración de presentacións e infografías, actualización do blog...).

#### En relación ao fomento da lectura:

---

- **Programación de actividades.** Ao inicio do curso elaboraranse as concrecións anuais do Plan de Biblioteca e do Plan de Lectura para incluír na Programación Xeral Anual. Programaranse as actividades do curso, incluíndo actividades de fomento da lectura e da escritura (lecturas compartidas, certames literarios, encontros con autores...), de traballo coa información, actividades interdisciplinares etc., que fomenten o desenvolvemento das competencias do alumnado. Este documento servirá de orientación para o Claustro.
- **Club de lectura.** Continuarase co Club de lectura Ortegalendo para o alumnado e proporase un grupo para adultos de haber persoas interesadas.

- **Hora de ler.** Continuarase coa Hora de ler na ESO para crear e manter o hábito lector.
- **Publicacións.** Continuarase editando a revista escolar *O Sabichómetro*. Prevese publicar un número ao final de cada trimestre.

#### En relación aos avances cara a unha biblioteca inclusiva:

---

- **Equidade.** A B.E. é un axente de compensación social, por iso contará cun número significativo de exemplares das obras de lectura obrigatoria e/ou recomendada para evitar que o alumnado deba compralas. Así mesmo, poñerá a disposición da comunidade educativa equipamento informático, conexión a internet e outros recursos, nomeadamente tecnolóxicos, que favorezan a formación do alumnado.
- **Diversidade.** Adquiriranse fondos que aborden temáticas que contemplan a diversidade (funcional, familiar, sexual, cultural...), promovendo unha actitude normalizadora, visibilizadora, respectuosa e sensibilizadora. Aumentaranse os fondos de lectura fácil e destinados ao alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe ou necesidades educativas especiais, alumnado inmigrante etc.
- **Inclusión.** Promoveranse actividades e experiencias dende a flexibilidade: aprender doutras maneiras e prácticas que dean resposta ás diferentes necesidades do alumnado.
- **Accesibilidade.** Promoveranse os espazos accesibles, practicables e diversos. Accesibilidade arquitectónica (seguirase renovando o mobiliario), humana (dando axuda, apoio e comunicación adaptada) e material (adquirindo fondos documentais adaptados).
- **Convivencia e visibilización.** A B.E. funcionará como un espazo de convivencia aberto á comunidade. Habilitaranse espazos, ofertaranse recursos e programaranse actividades cun enfoque participativo que funcionen como punto de encontro entre distintos sectores da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, veciñanza...).
- **Implicación e colaboración.** Buscarase maior participación do Claustro e das familias e manter a colaboración co Concello, coa Biblioteca Municipal e coa B.E. do CEIP adscrito.

**Outras actuacións:**

- **Sustentabilidade.** Dende a B.E. contribuirase á consecución dos ODS 2030, a través dos servizos e recursos ofrecidos e das actividades desenvolvidas.
- **Formación.** O Equipo da B.E. continuará a súa formación en materia de bibliotecas escolares, participando nas actividades ofertadas de forma específica dende a Dirección Xeral e/ou incluíndo unha liña de biblioteca escolar no PFPP do Centro.
- **Actividades complementarias.** Na medida do posible, organizaranse saídas, obradoiros, encontros con autores, visitas a medios de comunicación, entre outras propostas.

**En relación á avaliación:**

- **Avaliación.** Avaliarase o funcionamento e a calidade dos servizos prestados pola B.E. e o desenvolvemento e resultado das actividades dende unha dobre perspectiva: unha autoavaliación continua ao longo do curso por parte do Equipo da B.E. e unha heteroavaliación ao final do curso por parte do alumnado e do profesorado a través de enquisas. Estableceranse unha serie de indicadores previos (grao de desenvolvemento das actividades programadas, implicación da comunidade educativa etc.). Perfeccionaranse e aplicaranse os instrumentos usados nos cursos anteriores e a información obtida recollerase na memoria final.

**2.3. CONCRECIÓN ANUAL DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO 2024-2025**

Recóllense a continuación os obxectivos que se establecen para o presente curso, acompañados das accións orientadas ao seu logro e dos indicadores que permitirán medir a súa consecución:

OBXECTIVO	ACCIÓN	INDICADORES
OBX1: Promover e coordinar os espazos e os tempos para a lectura no Centro. Buscar espazos de encontro e diálogo entre o alumnado e o profesorado.	Coordinación e desenvolvemento da Hora de ler na ESO.	– O 70% do profesorado e do alumnado da ESO cumpriu co calendario da Hora de ler.
	Participación na convocatoria de Clubs de Lectura 2024-2025.	– Desenvolvéronse un mínimo de dous grupos de lectura. – Participou no Club de lectura o 15% do alumnado, como mínimo.
	Elaboración de orientacións para o Claustro sobre as intervencións	– Elaborouse o Plan de Lectura, o Plan de Biblioteca e o Plan Anual de Lectura.

	da B.E. en relación ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Envióuselle ao Claustro de xeito periódico información sobre as actividades organizadas na B.E., como mínimo dúas veces ao mes.</li> </ul>
OBX2: Fomentar a lectura e a escritura como fonte de gozo e desfrute. Crear novos lectores entre o alumnado.	Mantemento dun catálogo atractivo e actualizado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Gastáronse a totalidade das partidas orzamentarias correspondentes ao PLAMBE e ao Club de Lectura.</li> <li>– Mercáronse un mínimo de 30 títulos novos do xénero teatral.</li> <li>– Catalogouse, como mínimo, o 85% das novas adquisicións.</li> <li>– Expurgáronse un mínimo de 20 exemplares obsoletos ou en mal estado.</li> <li>– Mantívose na entrada da B.E. unha caixa de suxestións.</li> </ul>
	Dinamización dos fondos e das novas adquisicións da B.E., tanto no espazo físico como a través das redes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Creáronse exposicións de libros arredor do Samaín, o Mes da Ciencia, o Día do Libro e o Día das Letras Galegas, cando menos.</li> <li>– Mantívose na entrada da B.E. un espazo actualizado destinado á exposición das novas adquisicións.</li> <li>– Realizáronse un mínimo de cinco publicacións nas redes sociais da B.E. difundindo as novas adquisicións ou os fondos existentes.</li> <li>– Elaboráronse recomendacións de lectura para as vacacións do Nadal.</li> </ul>
	Desenvolvemento e difusión de actividades de creación literaria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Organizouse, cando menos, unha actividade de creación literaria no Centro (certame, obradoiro etc.).</li> <li>– Anunciáronse certames literarios convocados por diversas entidades e difundíronse outras novas relacionadas coa literatura a través dos taboleiros de novidades do Centro e/ou das redes sociais.</li> </ul>
	Desenvolvemento de encontros con escritores.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Organizouse, cando menos, un encontro cunha autora ou autor no Centro.</li> </ul>



OBX3: Respetar a diversidade existente no Centro e fomentar a inclusión de todo o alumnado.	Funcionamento da B.E. como axente de compensación social facilitador de recursos para o alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– A B.E. conta cun mínimo de 6 exemplares das obras de lectura obrigada fixadas polos departamentos.</li> <li>– A B.E. conta con equipamento informático con acceso a internet a disposición do alumnado.</li> </ul>
	Mantemento dunha colección de fondos que se adapte ás características e circunstancias do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Mercáronse, cando menos, o 75% dos recursos destinados ao alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe propostos polo Departamento de Orientación.</li> <li>– Mercáronse, cando menos, o 50% dos materiais suxeridos polo profesorado e o alumnado.</li> <li>– Mercáronse, como mínimo, 10 obras de lectura en lingua ucraína.</li> <li>– Mercáronse e/ou creáronse materiais manipulativos para a B.E.</li> </ul>
	Deseño de proxectos e propostas educativas inclusivas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Deseñouse, cando menos, unha actividade centrada no uso da Biblioteca como espazo para o desenvolvemento dunha aula multinivel.</li> </ul>
OBX4: Formar o alumnado no uso autónomo da B.E. e dos seus recursos e na procura de fontes de información fiables.	Formación das novas persoas usuarias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Ao inicio do curso desenvolveuse unha sesión de formación na B.E. destinada ao alumnado de 1º ESO.</li> </ul>
	Formación dun grupo de alumnado voluntario.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– O 100% do alumnado voluntario recibiu formación sobre como desenvolver as súas funcións na B.E.</li> <li>– Cando menos o 90% do alumnado voluntario sabe localizar fondos na B.E e empregar o programa de xestión Meiga.</li> <li>– O profesorado do Equipo da B.E. guiou e supervisou ao alumnado voluntario ao longo do curso.</li> </ul>
OBX5: Promover actividades que impliquen o traballo coa información e contribúan ao	Fomento no alumnado do hábito de consultar a prensa diaria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Ao longo do curso houbo diariamente na sala da B.E. un mínimo de dous exemplares de xornais e/ou revistas diferentes actualizados, cando menos, semanalmente.</li> </ul>

desenvolvemento da competencia informacional do alumnado. Incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación nas actividades da B.E.	Desenvolvemento de iniciativas que fomenten o uso, o tratamento e a creación de materiais propios dos medios de comunicación ou das redes sociais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolveuse, cando menos, unha actividade que incluía a creación de vídeos ou <i>podcasts</i> por parte do alumnado.</li> <li>- Existiu un grupo de alumnado colaborador na elaboración do boletín escolar <i>Sabichómetro</i>.</li> </ul>
OBX6: Fomentar o desenvolvemento de iniciativas interdisciplinarias e/ou de proxectos que saian da aula convencionalmente entendida.	Desenvolvemento de actividades que engloben varios departamentos ou equipos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvéronse un mínimo de tres actividades interdisciplinarias que englobaron dous ou máis departamentos ou equipos do Centro, sendo un deles a B.E.</li> </ul>
	Uso da B.E. como espazo practicable e fonte de recursos para o desenvolvemento de materias, proxectos e/ou actividades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O espazo da B.E. estivo a disposición dos membros da comunidade educativa que o solicitaron para a realización de actividades (clases, obradoiros, charlas...).</li> <li>- Mercáronse, cando menos, o 75% dos recursos propostos polos distintos departamentos ou equipos do Centro.</li> </ul>
OBX7: Fomentar a experimentación e a participación en iniciativas culturais por parte do alumnado.	Desenvolvemento no Centro de actividades complementarias que posibiliten a experimentación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvéronse os "Recreos científicos na Biblio" ao longo do mes de novembro.</li> <li>- Desenvolveuse, como mínimo, un obradoiro impartido por unha persoa especialista no seu eido (ilustración, ciencia, cociña etc.).</li> </ul>
	Participación en actividades culturais complementarias e/ou extraescolares fóra do Centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Equipo da B.E. coordinou, como mínimo, a participación nunha actividade cultural fóra do Centro (exposición, asistencia ao teatro ou ao cine, roteiro literario...), dirixida, cando menos, a dúas clases.</li> </ul>
OBX8: Sensibilizar e implicar ás familias no fomento da lectura e no desenvolvemento do proxecto da B.E. e abrir a B.E. ao resto da comunidade.	Organización e desenvolvemento de actividades que impliquen a participación das familias, da veciñanza e dos órganos da contorna (Concello, Biblioteca Municipal, CEIP...).	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolveuse, cando menos, unha actividade en colaboración co Concello ou coa Biblioteca Municipal.</li> <li>- Desenvolveuse, cando menos, unha actividade en colaboración co CEIP.</li> <li>- Realizáronse, cando menos, dúas sesións de Micro Aberto nas que participaron familias e/ou veciñanza.</li> </ul>
	Difusión das iniciativas e actividades realizadas na B.E.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicáronse un mínimo de catro contidos mensuais no blog e na conta de Instagram da B.E.</li> </ul>

	Publicación e difusión do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> .	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Publicáronse un mínimo de dous números anuais do <i>Sabichómetro</i>.</li> <li>– Difundíronse un mínimo de dez exemplares de cada número do <i>Sabichómetro</i> polos comercios da vila.</li> </ul>
OBX9: Continuar coa formación do Equipo da B.E. en materia de bibliotecas escolares.	Participación do Equipo da B.E. no PFPP do Centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Cando menos, dous membros do Equipo da B.E. participaron nun grupo de traballo centrado en materia de bibliotecas escolares.</li> </ul>
OBX10: Manter unha boa coordinación entre os membros do Equipo da B.E. e entre este e o resto do Claustro e da comunidade educativa.	Establecemento dunha hora de coordinación semanal do Equipo da B.E. e asignación de tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Os membros do Equipo da B.E. mantiveron, cando menos, dúas reunións de coordinación ao mes.</li> <li>– Asignóuselle, cando menos, unha tarefa específica a cada membro do Equipo da B.E.</li> </ul>
	Mantemento de xuntanzas periódicas con membros da Dirección e/ou do Claustro para organizar e desenvolver as actividades programadas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– A Coordinadora do Equipo da B.E. reuniuse, cando menos, mensualmente cun membro da Dirección para tratar cuestións relacionadas coa B.E. e coas iniciativas levadas a cabo.</li> <li>– O Equipo da B.E. reuniuse co profesorado doutros departamentos ou equipos para a organización das actividades interdisciplinarias.</li> </ul>
	Tratamento de cuestións relacionadas coa B.E. nas reunións da CCP.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Introducíronse, cando foi necesario e pertinente, cuestións relacionadas coa B.E. na orde do día das sesións da CCP.</li> </ul>
	Existencia dunha Comisión de Biblioteca no seo do Consello Escolar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Desenvolveuse, como mínimo, unha reunión da Comisión de Biblioteca en cada trimestre.</li> </ul>
OBX11: Realizar unha avaliación do funcionamento, os servizos e as iniciativas desenvolvidas na B.E.	Realización dunha autoavaliación por parte do Equipo da B.E.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Os membros do Equipo da B.E. realizaron unha análise e valoración conxunta das actividades desenvolvidas e presentaron propostas de mellora no final do curso, cando menos.</li> </ul>
	Realización de enquisas de valoración ao alumnado e ao profesorado ao final do curso.	<ul style="list-style-type: none"> <li>– O 60% do alumnado e do profesorado, como mínimo, respondeu a enquisa de valoración.</li> <li>– Elaborouse un informe cos resultados das enquisas de valoración, que foi presentado como anexo á Memoria final do PLAMBE.</li> </ul>

Para facilitar a consecución destes obxectivos adquiriranse os seguintes **compromisos**:

- Programaranse cando menos tres sesións ordinarias da Comisión de Biblioteca ao longo do curso escolar.
- Nas sesións ordinarias da Comisión de Coordinación Pedagóxica incluíranse como puntos na orde do día aspectos relacionados co Plan de Lectura e co Plan de Biblioteca cando sexa necesario.
- As programacións didácticas das distintas materias incluírán a comprensión lectora como elemento transversal clave.
- O profesorado respectará a Hora de ler establecida no Centro para todos os niveis da ESO.
- Os recursos da B.E. estarán á disposición do profesorado das diferentes áreas para empregarlos na súa docencia.
- A Dirección impulsará, na medida do posible, todos aqueles recursos humanos e materiais necesarios para a consecución destes obxectivos.
- A coordinadora deste Plan será a profesora responsable da B.E.: Sara Filgueira Lorenzo.

### 3. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

#### SITUACIÓN E DEPENDENCIAS

O Centro conta cunha Biblioteca de 80 m<sup>2</sup> situada na planta baixa, próxima á entrada principal e con acceso ao vestíbulo, provista de luz natural. Dende o comezo da súa participación no PLAMBE, no curso 2011-2012, a B.E. foise renovando no que a mobiliario, pintura e equipamento informático se refire, contando con diferentes ambientes: postos de lectura e/ou traballo individuais e en grupo, zona de xogos, zona de lectura informal, zona de ordenadores e outros equipamentos informáticos, zona de novidades e mesa de empréstito e devolucións. Dispón ademais dun proxector, podendo ser utilizada tamén como sala de conferencias ou audiovisuais. Alén disto, o Centro conta cun espazo para a radio escolar e unha sala co equipamento de Polos Creativos, que poden ser empregados para as actividades da B.E.

---

## FONDOS

---

Os fondos da B.E. están dispostos seguindo o criterio CDU por orde alfabética, distribuídos en andeis abertos e diferenciados por materias. Cada curso vanse renovando e actualizando grazas ao orzamento do Centro destinado á Biblioteca, ás compras dos departamentos didácticos, ás posibles contribucións da Consellería de Educación e, especialmente, aos orzamentos recibidos do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e da participación na convocatoria dos Clubs de Lectura. Ademais de libros de ficción e non ficción, os fondos da B.E. inclúen material audiovisual, revistas e outras publicacións e xogos de mesa.

A xestión e o préstamo e devolución dos fondos realízase a través do programa informático Meiga, porén neste curso 2024-2025 prevese realizar a migración ao sistema Koha. Periodicamente unha copia do catálogo da base datos é enviada ao servidor central da rede de Bibliotecas de Galicia co fin de poder ser publicada en internet.

---

## BIBLIOTECAS DE AULA

---

En todas as aulas da ESO existen as bibliotecas de aula. Estes espazos enténdense como seccións da Biblioteca central, xa que os seus fondos son achegados por esta para que o alumnado os poida usar na propia aula baixo a supervisión do profesorado (especialmente durante a Hora de ler) ou levar emprestados. Estas bibliotecas conteñen libros de ficción axeitados aos intereses e características do alumnado da aula na que se atopan, así como documentos de consulta (dicionarios, enciclopedias...).

---

## EQUIPO DA BIBLIOTECA

---

A B.E. conta coa figura da profesora responsable, que ten un labor non só técnico, senón tamén pedagóxico, ofrecendo ao alumnado as oportunidades para o uso axeitado das fontes de información e o acceso á lectura como forma de lecer e medio de enriquecemento persoal. Dende o curso 2020-2021 esta figura recae en Sara Filgueira Lorenzo, profesora do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Existe tamén un Equipo de apoio da B.E. formado por profesorado de diferentes departamentos, en función da dispoñibilidade horaria do Centro, que traballa en coordinación coa responsable da B.E. para conseguir os obxectivos fixados. Este curso forman parte do Equipo de apoio Ana María Bravo Martínez e David Loureiro González,

ambos os dous profesores do Departamento de Lingua Castelá e Literatura con experiencia en materia de bibliotecas escolares, xa que levan varios cursos integrando o Equipo de apoio. Tanto a responsable como os demais membros do Equipo teñen dedicación horaria para desempeñar o seu labor.

## HORARIO

A B.E. permanecerá aberta durante os recreos das mañás de luns a venres, tempo no que o alumnado pode acudir a estudar, consultar información, usar os equipamentos informáticos e/ou os xogos ou solicitar e devolver fondos. A pesar de que ningún dos membros do Equipo ten hora de atención á Biblioteca no recreo do luns, tentarase garantir a apertura nese período.

Alén dos recreos, a B.E. estará aberta para o alumnado nos períodos lectivos nos que os integrantes do Equipo teñan garda ou cando algún outro membro do profesorado se faga cargo da súa supervisión. Existe tamén a posibilidade de que o profesorado das diferentes materias empregue a Biblioteca para desenvolver a docencia ou realizar actividades complementarias.

Neste curso 2024-2025 o horario de atención da B.E. é o que se mostra a continuación:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:30 - 9:20				ANA BRAVO	
9:20 - 10:10					
10:10 - 11:00			SARA FILGUEIRA	DAVID LOUREIRO	SARA FILGUEIRA
11:00 - 11:30		SARA FILGUEIRA	DAVID LOUREIRO	SARA FILGUEIRA	DAVID LOUREIRO
11:30 - 12:20		DAVID LOUREIRO	ANA BRAVO		
12:20 - 13:10				SARA FILGUEIRA	
13:10 - 14:00	SARA FILGUEIRA		SARA FILGUEIRA	SARA FILGUEIRA	

Durante estas horas, o Equipo levará a cabo tarefas de xestión e organización de fondos, atención ao alumnado e ao profesorado, formación do alumnado voluntario, xestión de redes sociais, organización de actividades e coordinación, entre outras.

Polas tardes a sala permanecerá pechada. Non obstante, o alumnado que cursa o Ciclo pode facer uso do servizo de préstamo e devolución se o solicita.

## FORMACIÓN DO EQUIPO DA BIBLIOTECA

---

O Equipo da B.E. participa anualmente no Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) e, dentro deste marco, o profesorado integrante formouse en diversos aspectos relacionados coas bibliotecas escolares, tales como a xestión e catalogación de fondos, o manexo e aplicación da radio escolar, a elaboración de documentación relativa á B.E. ou a dinamización da B.E. a través de distintos elementos e ferramentas (como as redes sociais, a gamificación ou o teatro).

Este curso o Equipo da B.E. ao completo volverá participar no PFPP do Centro a través da creación dun grupo de traballo dentro do itinerario de lectura, escritura e tratamento da información orientado ao deseño de proxectos e propostas educativas inclusivas dende a biblioteca escolar. Concretamente, a formación xirará arredor da concepción da B.E. como espazo para o desenvolvemento dunha aula multinivel.

## 4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A B.E. organizará, coordinará e desenvolverá ao longo de todo o curso un programa de accións e actividades específicas que permita acadar os obxectivos deste Plan e porá á disposición da comunidade educativa tanto os seus fondos, coma o seu espazo e colaboración para que a realización das diferentes actividades se leve a cabo dun xeito eficaz e programado.

Atendendo ao contexto e ás necesidades detectadas no Centro, neste ano 2024-2025 a B.E. especializarase en dúas temáticas que servirán como pano de fondo das actuacións que se van desenvolver durante o curso: **o respecto e normalización da diversidade e o fomento da inclusión de todo o alumnado** e o traballo co **teatro**, seguindo a liña proposta este curso para as bibliotecas escolares de Galicia. Alén disto, as accións e actividades programadas buscarán contribuír dunha maneira especial á consecución de tres dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 da ONU: **educación de calidade (ODS 4), igualdade de xénero (ODS 5) e paz, xustiza e institucións sólidas (ODS16).**

Preséntanse a continuación, organizadas por trimestres, as actividades previstas polo Equipo da B.E. para este curso, encamiñadas a conseguir os obxectivos descritos neste Plan. Trátase de actividades susceptibles de ser modificadas que se irán perfilando ao longo do ano escolar, pois concíbese esta programación como unha proposta viva que se debe adaptar ás circunstancias do momento para obter un mellor aproveitamento.

PRIMEIRO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Formación de persoas usuarias	Alumnado de 1º ESO e resto de cursos da ESO	Biblioteca
Continuación da campaña "Adopta un libro"	Toda a comunidade educativa	Biblioteca
Inicio das recomendacións mensuais	Toda a comunidade educativa	Alumnado voluntario da Biblioteca
Conmemoración do Día das Escritoras	Alumnado de ESO e Bacharelato	Biblioteca e EDLG
Día das Bibliotecas: entrega de diplomas ao alumnado voluntario no curso 2023-2024	Alumnado voluntario da B.E. no curso 2023-2024	Biblioteca
Inicio do voluntariado da B.E. no curso 2024-2025: formación e reparto de tarefas	Alumnado voluntario da B.E.	Biblioteca
A festa do Samaín: recreos de medo e concursos de decoración de aulas, de cabazas e de doces	Toda a comunidade educativa	Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Mes da Ciencia en galego nas Bibliotecas: recreos científicos, V Concurso <i>En busca do enigma perdido</i> e outras actividades	Alumnado de ESO e Bacharelato	Biblioteca, Club de Ciencias e EDLG, coa colaboración doutros dptos. didácticos
V Campionato de Cubo de Rubik	Alumnado de ESO e Bacharelato	Biblioteca



Comezo dos <i>Recreos de micro aberto</i> (continuación ao longo do curso)	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e EDLG
Elaboración e difusión dun boletín ou de vídeos con recomendacións literarias e audiovisuais para o Nadal	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e EDLG
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (1º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos

SEGUNDO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Actividade con Paula Carballeira	Alumnado por determinar	Biblioteca, EDLG e Dpto. de L. Galega e Lit.
Semana da Muller e a Nena na Ciencia: <i>11F. Ciencia en feminino</i>	Todo o alumnado	Biblioteca, Club de Ciencias e EDLG
Semana do Amor pola Lingua: tinder literario	Alumnado por determinar	Biblioteca e EDLG
Día de Rosalía: caldo de Gloria e recital poético	Todo o alumnado e profesorado	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Conmemoración 8M	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e outros dptos. didácticos ou institucións
Semana da Prensa	Alumnado por determinar	Biblioteca e EDLG, coa colaboración doutros dptos. didácticos
Obradoiro de animación	Alumnado por determinar	Biblioteca, EDLG e Dpto. de Debuxo
Día do Cómic	Alumnado por determinar	Biblioteca e outros dptos. didácticos ou equipos

Día do Teatro: actividade no Colexio (contacontos ou dramatización)	Alumnado por determinar	EDLG, Biblioteca, Dpto. de L. Galega e Lit. e Dpto. de L. Castelá e Lit.
Día do Libro LGTBI+	Toda a comunidade educativa	Biblioteca
V Certame intercentros <i>Exeria</i>	Todo o alumnado dos centros convocadores	EDLG de varios centros educativos e Biblioteca
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (2º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos

TERCEIRO TRIMESTRE		
ACTIVIDADE	PERSOAS DESTINATARIAS	ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN
Celebración do Día do Libro	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca
<i>A autora fala da súa obra</i> (encontro cunha escritora)	Alumnado por determinar	Biblioteca, EDLG e Dpto. de L. Galega e Lit.
Mes das Letras Galegas: actividades de difusión da literatura galega e Foliada das Letras	Toda a comunidade educativa	EDLG, Dpto. de L. Galega e Lit. e Biblioteca, coa colaboración doutros dptos. didácticos
VII Concurso de fotografía matemática	Todo o alumnado	Biblioteca, Dpto. de Matemáticas, Club de Ciencias e EDLG
Realización das enquisas de avaliación da Biblioteca	Todo o alumnado e profesorado	Biblioteca
Actividades do mes LGTBIQ+	Toda a comunidade educativa	Biblioteca
Actividade final do Club de Lectura	Alumnado participante no Club de lectura	Biblioteca
Publicación do boletín escolar <i>Sabichómetro</i> (3º trimestre)	Toda a comunidade educativa e a veciñanza	Biblioteca e EDLG, coa colaboración do alumnado e doutros dptos. didácticos

Elaboración e difusión de recomendacións literarias e audiovisuais para o verán	Toda a comunidade educativa	Biblioteca e EDLG
---	-----------------------------	-------------------

Na medida do posible, intentarase completar a proposta anterior con outras actividades que contribúan á apertura da Biblioteca cara ao exterior, tales como charlas divulgativas, actividades de lectura compartida ou coloquios con diferentes membros da comunidade educativa (familias, veciñanza), saídas culturais etc.

Ademais, alén das actividades previstas para cada trimestre, levaranse a cabo as seguintes **ao longo de todo o curso**:

- Reunións periódicas de coordinación entre os membros do Equipo da B.E. e outros membros do Claustro e do Equipo Directivo
- Tarefas de xestión dos fondos: selección, adquisición, catalogación e expurgación de materiais
- Tarefas de dinamización dos fondos
- Xestión do blog, da web e das redes sociais da Biblioteca
- Formación do Equipo da B.E. en materia de bibliotecas escolares

De entre as actividades que se realizan de maneira continuada ao longo do curso, destacan especialmente as seguintes:

## HORA DE LER

---

Trátase dunha iniciativa de fomento da lectura que se vén realizando dende hai varios cursos na ESO grazas á implicación de todo o Claustro. Consiste en dedicar diariamente un tempo á lectura durante a xornada escolar. Este curso comezou a semana do 23 ao 27 de setembro e as normas de funcionamento son as seguintes:

- Cada día lerase na sesión que corresponda segundo un calendario. A Hora de ler irá rotando ao longo das distintas semanas do seguinte xeito: desenvolverase durante a primeira sesión lectiva todos os días da primeira semana, durante a segunda sesión na segunda semana, e así sucesivamente.
- Dedicaranse á lectura entre 15 e 30 minutos da sesión.
- Cada docente poderá levar a cabo a actividade como crea conveniente en relación coa súa materia (pode deixar que o alumnado leve as súas propias lecturas ou propoñerlle unha selección de textos, realizar unha lectura individual ou compartida, levar a cabo a Hora de ler ao inicio da sesión ou ao final...).

- No caso de que o profesorado non propoña lecturas específicas, o alumnado poderá usar os seus propios libros ou os da B.E.

Ao longo do ano escolar o Equipo da B.E. recordaralle todas as semanas esta actividade ao profesorado para que participe nela e no final do curso avaliará o seu desenvolvemento a través dunha enquisa realizada ao alumnado e ao profesorado.

## CLUB DE LECTURA

---

Outra actividade que se desenvolve anualmente dende hai varios cursos é o **Club de Lectura *Ortegale***, que este ano estará coordinado pola profesora do Equipo da B.E. Ana María Bravo e enfocado no xénero teatral.

Nos diferentes grupos deste Club preténdese, partindo das contornas, vivencias e demandas das persoas participantes, crear persoas lectoras convencidas e competentes, activas e participativas, que reinterpreten as novas sociedades dixitais e da información dende toda a súa experiencia lectora e as habilidades desenvolvidas con elas. Procúrase crear e consolidar no alumnado o hábito da lectura como unha necesidade lúdica e un medio de desenvolvemento persoal e social. Así, as reunións constituirán un espazo propenso á experiencia lectora e ao intercambio de opinións.

No momento da elaboración deste documento estanse organizando os diferentes grupos de lectura que integrarán o Club este curso. Actualmente hai apuntados arredor duns 20 estudantes, que se prevé que se organicen en dous grupos.

Algunhas actividades previstas para desenvolver nas reunións do Club son:

- ✓ Dinamizacións e propostas de actividades previas á lectura: actividades variadas de achega ás obras seleccionadas e á súa temática para favorecer o inicio lector
- ✓ Lecturas compartidas nas xuntanzas
- ✓ Seguimento das lecturas individuais
- ✓ Grupos de debate e opinión, que inciten á reflexión crítica sobre as temáticas, actitudes e pensamentos expostos nas obras lidas e á reinterpretación e extrapolación cara ao entorno e vivencias do alumnado
- ✓ Realización de actividades de diversa tipoloxía a partir das obras lidas (escritura, gravación de *podcasts*, postas en escena, recreacións plásticas, creación de produtos audiovisuais etc.) que contribúan a visualizar as obras e a compartir o que se fai co resto da comunidade.

---

## FORMACIÓN DE PERSOAS USUARIAS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

---

Ao longo de todo o ano escolar realizaranse distintas accións destinadas á formación das persoas usuarias da B.E.

Ao inicio do curso o Equipo da B.E. realizou unha revisión e actualización das normas da B.E. e deseñou e difundiu a cartelería pertinente para darllas a coñecer á comunidade educativa, tanto de forma presencial como a través das redes.

Por outra banda, nas primeiras semanas, levouse a cabo unha formación do alumnado da ESO. Nos cursos comprendidos entre 2º e 4º esta formación desenvólverona as persoas titoras ou a responsable da B.E., que se encargaron de ler e explicar as normas de uso da Biblioteca, incidindo naquelas que supoñen unha variación respecto ao curso anterior. No caso do **alumnado de 1º ESO**, de nova incorporación ao Centro, levouse a cabo unha sesión de formación específica na propia Biblioteca a cargo da coordinadora para que o alumnado se familiarizara co espazo e co uso da B.E. Esta formación incluíu as seguintes actividades:

- Charla informal co alumnado sobre o seu concepto de biblioteca, as súas experiencias nelas e a súa relación coa lectura
- Explicación das normas de uso e funcionamento da B.E.
- Presentación das principais actividades desenvolvidas na B.E., así como do blog e das redes sociais
- Actividade lúdica para aprender como están colocados, organizados e clasificados os fondos
- Entrega dos números de lectora/lector

Alén disto, prevese continuar formando **axudantes de Biblioteca** para que o alumnado se implique na xestión da B.E. a través do programa "Voluntariado na Biblioteca Escolar", enmarcado no programa "Bibliotecas Solidarias". Este alumnado realizará actividades de formación ao longo do curso para familiarizarse co manexo do programa Meiga, a organización dos fondos e outros materiais na sala etc. Asinarase un compromiso co alumnado voluntario e deseñarase un elemento identificador para que as persoas usuarias os recoñezan cando están a realizar as súas funcións nos recreos.

Finalmente, o Equipo da B.E. axudará e guiará diariamente ao alumnado en todo o que precise en relación ao uso da B.E. e á procura de fontes de información fiables co obxectivo de formalo para lograr un uso autónomo.

## 5. PROCEDEMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Ao final do curso avaliarase a consecución dos obxectivos establecidos neste Plan Anual de Lectura, así como o desenvolvemento das actuacións previstas para acadalos e a adecuación das accións realizadas. O resultado desta avaliación reflectirase na Memoria Anual de Centro.

Os mecanismos de avaliación serán os seguintes:

- Autoavaliación por parte do Equipo da B.E. a partir da observación sistemática.
- Heteroavaliación por parte do alumnado e do Claustro a través da realización de enquisas de satisfacción.
- Seguimento e avaliación por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica e da Comisión de Biblioteca.
- Realización e análise de informes e/ou estatísticas sobre a participación nas actividades (Club de Lectura, Hora de ler...) e sobre o uso dos recursos da B.E.

## 6. PROCEDEMENTO DE DIFUSIÓN DO PLAN

Este Plan figura como Anexo I da Programación Xeral Anual do IES Cabo Ortegal e está a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do Centro no apartado "Documentación (PEC e Plan anual)".